

A Nosa Voz

DIOCESE DE LUGO

OUTUBRO de 2012

Nº 89 III ÉPOCA


Ano da Fe

Outubro 2012 - Novembro 2013



Bóveda do Altar Maior da Catedral de Lugo, testemuña da fe dos lucenses

Curso
2012
2013



“Año de la Fe”

Mons. Alfonso Carrasco Rouco



Al comenzar el nuevo curso pastoral en este Año de la Fe y de la nueva evangelización para la transmisión de la fe, convocado por S.S. Benedicto XVI, toda la Iglesia podría adquirir una “exacta conciencia de su fe, para reanimarla, para purificarla, para confirmarla y para confesarla” (Porta Fidei, n. 4).

Es el amor de Cristo el que llena nuestros corazones y nos impulsa a evangelizar. Hoy como ayer, Él nos envía por los caminos del mundo para proclamar su Evangelio a todos los pueblos de la tierra.

Así pues, resaltaremos la importancia del Año de la Fe, que nos tiene que llevar a reanimar nuestra relación personal y comunitaria con Nuestro Señor Jesucristo. Nos tiene que llevar a una reflexión sobre nuestra tarea evangelizadora en las circunstancias actuales de nuestra Diócesis, para hacer posible una mejor transmisión de la fe y un fortalecimiento nuestras comunidades cristianas. Frente a un ambiente de secularismo y desnaturalización de nuestra fe cristiana.

Hoy también es importante redescubrir la alegría de creer y volver encontrar entusiasmo de comunicar la fe. Como nos dice el apóstol san Pablo: “con el corazón se cree y con los labios se profesa” (Rom 10, 10). Este Año de la Fe haga cada vez más

fuerte la relación con Cristo, el Señor, pues sólo en Él tenemos la certeza para mirar al futuro y la garantía de un amor auténtico y duradero. Que imitemos a María, la Virgen oyente, que acoge con fe la Palabra de Dios y la proclama entre sus hijos como Madre.

Que nuestra labor pastoral siga animada por la esperanza mirando hacia el futuro del nuevo curso pastoral. En los próximos cursos queremos seguir reflexionando y afrontando los nuevos retos pastorales. Seguiremos ayudando a las familias a vivir el plan de Dios sobre ellas y el cumplimiento de su misión en el mundo. Resaltando la familia como espacio originario de la transmisión de la fe cristiana. Impulsaremos una acción evangelizadora que ayude a acoger y a reavivar una fe cristiana facilitando el encuentro personal y comunitario con Nuestro Señor Jesucristo.

Trataremos de consolidar y potenciar los centros comarcales en las distintas zonas pastorales para ir repensando en cada arciprestazgo como realizar una evangelización concreta con sus características dentro de las diversas unidades pastorales. Para ir creando comunidades cristianas verdaderas más allá de la pequeña parroquia que puedan celebrar la Eucaristía, los demás sacramentos y su formación en la fe.



In Memoriam

Recordamos nesta columna dun xeito conxunto ós dez sacerdotes falecidos no que vai de ano, e miramos tamén para as ordenacións, salientando a de dous diáconos, Alberto Riádigos González e Daniel Gil García, que no mes de xullo deron un paso máis cara ao sacerdocio.

Estes datos presentan unha radiografía do clero lucense, de idade avanzada unha parte importante, pero cun relevo tamén salientable de curas novos que están a realizar labours de importancia capital na pastoral diocesana.

Coa vista posta nesta realidade da diocese de Lugo damos as grazas por todo o que significaron as persoas que nos deixaron —de xeito previsible uns e inesperado outros— e polo que representou a súa vida sacerdotal para aqueles que os coñeceron.

Vidas sacerdotais que abarcan todos os eidos da vida humana. Dende o acompañamento ós fregueses nas parroquias, coa cercanía, apoio e confianza que representa a figura do sacerdote para as nosas xentes, ata o amor por esta Igrexa de aqueles que adicaron moitos anos da súa vida ó estudo das nosas orixes a través da historia e outros disciplinas e a transmisión das mesmas.

Centos de horas de acompañamento de enfermos nas casas e no hospital, celebracións gozosas a través dos sacramentos. Ilusións na posta en marcha de novas parroquias, moitos consellos dados, exemplo e modelo para moitos...

D. Bernardino Montoto Castro deixounos no mes de xaneiro. Poucos días despois, en marzo, e con pouca diferenza entre eles falecían **D. Manuel López Beltrán** e **D. Miguel González Rodríguez**. En maio despedimos a **D. Manuel Rodríguez Fariñas**. **D. Gonzalo Mato Vázquez** falecía no mes de agosto. Con poucas horas de diferenza marchaban tamén á casa do Pai **D. José Antonio López Vila** e **D. Pablo Ferreiro García**.

No mes de setembro eran outros tres sacerdotes que nos sorprenderon co seu pasamento, **D. Jesús Cabo Gómez**, **D. Jaime Delgado Gómez** e **D. Manuel Antonio Miranda Gómez**.

Descansen en paz

SUSCRIPCION - A NOSA VOZ

Apellidos		Nombre	
NIF	Domicilio	Núm.	Esc./Piso
CP	Población	Provincia	
Teléfono			
Banco o Caja			
Domicilio	Núm.		
CP	Población		

A Nosa Voz

Se suscribe con la cantidad de

10

 euros

15

 euros

20

 euros al año

(Marque con una X la opción elegida)

CÓDIGO CUENTA (20 dígitos)

ENTIDAD

OFICINA

CC

Nº CUENTA

ENTREGAR EN EL OBISPADO

Obispado de Lugo,
Plaza de Santa María, 1
27001 Lugo.

Firma del suscriptor

De conformidad con la normativa vigente en materia de Protección de Datos de Carácter Personal, el suscriptor presta su consentimiento expreso para la incorporación de sus datos a los ficheros, automatizados o no, del Obispado de Lugo (o a la parroquia elegida por el suscriptor) con el fin de gestionar las cuotas domiciliadas. Los datos del suscriptor en ningún caso serán cedidos a otras entidades, pudiendo este ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición dirigiéndose por escrito al responsable del fichero que hubiera sido de su elección: Obispado de Lugo (REF. Datos), Plaza de Santa María, 1. 27001 Lugo, o, en su caso, a la dirección de la Parroquia que usted hubiera elegido.

Datos informativos

Lugar:
Gran Hotel Lugo
Avda. Ramón Ferreiro, 21
27002 Lugo

Inscripción:
Hasta el 15 de octubre
Comisión de Liturgia
Añastro, 1 28033 - Madrid
Tel. 91 343 96 44
liturpatrijur@conferenciaepiscopal.es

Comisión Episcopal de Liturgia
Jornadas Nacionales de Liturgia 2012

Lugo La liturgia,
celebración de la fe

«Redescubrir los contenidos de la fe
profesada, celebrada, vivida y rezada»
(BENEDICTO XVI, *Porta fidei*, 9)

23 - 26 de octubre de 2012

Lugo acoge las Jornada Nacionales de Liturgia

Martes, 23 de octubre:

- 16:30 h Recepción y entrega de materiales
- 17:30 h Oración de apertura. Saludo a los participantes y presentación de las jornadas. Mons. D. Lluís Martínez Sistach. Cardenal-Arzobispo de Barcelona y Presidente de la Comisión Episcopal de Liturgia
- 18:00 h Ponencia: "LA FE ES DECIDIRSE A ESTAR CON EL SEÑOR PARA VIVIR CON ÉL" (PF 10). Por Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco, Obispo de Lugo
- 20:00 h Vísperas y Eucaristía en la S.I. Catedral

Miércoles, 24 de octubre:

- 09:00 h Laudes en la capilla del seminario diocesano
- 10:00 h Ponencia: LA LITURGIA, EXPRESIÓN DE LA FE EN LA IGLESIA. Por P. José María de Miguel González, osst. Universidad Pontificia de Salamanca.
- 11:30 h Ponencia: LOS SANTOS, TESTIGOS DE LA FE D^a. Encarnación González Rodríguez. Directora de la Oficina para las Causas de los Santos de la C.E.E. Diálogo con los ponentes
- 16:00 h Ensayo de cantos
- 16:30 h Ponencia: ESPIRITUALIDAD CRISTIANA Y AÑO LITÚRGICO. Por D. José Antonio Ferreiro. Delegado diocesano de Liturgia de Lugo.
- 18:00 h Ponencia: CREDO, MEMORIA Y CONFESIÓN

D. Jaume Fontbona i Missé. Presidente del Centro de Pastoral Litúrgica de Barcelona
Diálogo con los ponentes

- 20:00 h Vísperas y Eucaristía en la parroquia de Santiago
- 22:30 h Adoración eucarística en la S.I. Catedral

Jueves, 25 de octubre:

- 09:00 h Laudes en la capilla del seminario diocesano
- 10:00 h Ponencia: LITURGIA Y NUEVA EVANGELIZACIÓN Mons. D. Raúl Berzosa. Obispo de Ciudad Rodrigo
- 11:30 h Ponencia: LA INICIACIÓN CRISTIANA: ITINERARIO DE LA FE. Por D. Juan Luis Martín Barrios. Director del Secretariado de la Comisión Episcopal de Pastoral y de la Subcomisión Episcopal de Catequesis de la C.E.E. Diálogo con los ponentes
- 17:30 h Visita a Monforte de Lemos
- 19:00 h Vísperas y Eucaristía en Monforte de Lemos
- 08:30 h Laudes y Eucaristía en la capilla del seminario diocesano
- 10:00 h Ponencia: LA PIEDAD POPULAR, ALIMENTO DE LA FE DEL PUEBLO CRISTIANO. Por D. Ramiro González Cougil. Delegado diocesano de Liturgia de Ourense
- 11:30 h Ponencia: CELEBRACIÓN DE LA FE Y COMUNICACIÓN CRISTIANA DE BIENES. Por Mons. D. Manuel Sánchez Monge. Obispo de Mondoñedo-Ferrol
Diálogo con los ponentes
- 13:00 h Clausura de las Jornadas.



Inicio do curso pastoral 2012-2013

O pasado día 11 de outubro, a Catedral acolleu a celebración de solemne apertura de curso pastoral 2012-2013. Na Eucaristía, presidida polo bispo, Mons. Alfonso Carrasco, déronse cita vicarios, delegados, responsables doutros organismos diocesanos e de movementos de apostolado seclar, catequistas e párrocos de moitas parroquias de Lugo, así como fieis e persoas que están a colaborar activamente na pastoral diocesana.

Con este motivo presentouse a *Programación Pastoral*, documento que recolle os obxectivos e liñas de acción pastoral da Diocese para o presente curso e as programación das distintas vicarías e delegacións. Ten especial importancia a sección adicada a axenda e datas clave. Aquí están recollidos os eventos máis importantes que se realizan a nivel de Igrexa diocesana e nos que se pide un esforzo por estar presentes en todos eles, segundo as posibilidades de cada un. Na Vicaría de Pastoral pódense consultar estas datas ou solicitar máis información. Tamén estará disponible na páxina web, onde se irá informando con máis amplitude destes eventos segundo se vaia acercando a data de celebración.



Lugares para visitar e admirar

Unha viaxe ás cubertas da Catedral

Co título de “Un paseo polas nubes” está en marcha un programa de visitas á Catedral lucense para vela con outra perspectiva. Pois na visita inclúense non só a fachada, triforio e terraza-claustro, senón tamén as torres. Isto é posible entre luns e sábado ás 11 ou 12 da mañá, cun máximo de 15 persoas. Todos os que o desexen poden seguir admirando a Catedral lucense, renovada despois das obras de rehabilitación levadas a cabo recentemente. As personas interesadas pueden informarse na sacristía da Catedral, chamando ó 982 231 038, ou ben a través do seguinte enderezo de correo electrónico: exposicionscatedraldelugo@gmail.com.

Capela da Soidade, descoñecida e necesitada dunha restauración

Outro templo digno de atención na capital lucense é a Capela da Soidade, xunto á igrexa de San Pedro. Atención que merece tanto polo seu interese histórico-artístico como pola necesidade que ten dunhas obras que tamén a rehabiliten. É éste o chamamento que fai a Orde Franciscana Seglar para recadar axudas de cara a súa conservación

A Capela da Soidade está clasificada como patrimonio no máximo nivel 1, declarada Monumento Nacional en 1931 e forma parte do B.I.C. Ben de Interese Cultural Conxunto de San Francisco.

A Orde Franciscana Seglar fai un chamamento para que se leve a cabo a restauración dalgúns elementos da Capela. Por exemplo, a falsa bóveda de barrote, de principios do século XIX, sofre filtracións e humidades procedentes da cuberta. Hai agretamento xeneralizado e desprendementos do falso teito. Por outra banda revestimentos, solados e mobiliario sofren deterioros.

A Orde Franciscana Seglar xorde en Lugo no século XIII e desde entón leva a

cabo varias celebracións ao longo do ano tanto na Capela da Soidade: Santa Misa os primeiros sábados de mes, Santa Isabel en novembro, Eucaristía de fraternidade en decembro, San Antonio Abade en xaneiro, Novena da Virxe das Dores, Viacrucis durante a Coresma...

A Capela da Soidade pode ser visitada os domingos de 5 a 8 da tarde. As persoas que queiran achegarse para ver o seu estado e interesarse pola súa conservación recibirán información de como poden colaborar.



Exterior e interior da capela, con notable deterioro en teitos, retábulos, imaxes e outros elementos internos do edificio.

Ano da Fe na Diocese

Coa Carta apostólica *Porta fidei*, do 11 de outubro de 2011, o Papa Benedito XVI proclamou un Ano da fe, desde o 11 de outubro de 2012, (no 50º aniversario da apertura do Vaticano II, e os vinte anos desde a promulgación do Catecismo da Igrexa), ata o 24 de novembro de 2013, Solemnidade de Cristo Rei.

Ese ano servirá para que todos os fieis comprendan con maior profundidade que o fundamento da fe cristiá é o encontro cun acontecemento, cunha Persoa, que dá un novo horizonte á vida e, con iso, unha orientación decisiva. Fundada no encontro con Xesucristo resucitado, a fe poderá ser redescuberta integralmente e en todo o seu esplendor.

Ano da fe no ámbito diocesano

A nivel diocesano este ano celebrarase con diversos actos dende a apertura ata a súa conclusión. Entre outras actividades destacamos a realización de xornadas sobre o Catecismo da Igrexa Católica e a publicación de cartas pastorais e outros documentos relativos ao tema da fe, lembrando a importancia do Concilio Vaticano II e o Catecismo da Igrexa católica.

Organizaranse tamén eventos catequísticos para mozos e para quen buscan atopar o sentido da vida, co fin de descubrir a beleza da fe da Igrexa, aproveitando a oportunidade de reunirse coas súas testemuñas máis recoñecidas.

A formación permanente do clero xirará igualmente en torno a esta temática, profundizando en documentos do Concilio Vaticano II e o Catecismo da Igrexa católica.

Este ano é propicio para celebracións penitenciais, cunha énfase especial en pedir perdón a Deus polos pecados contra a fe. Espérase tamén a participación do mundo

académico e da cultura nun diálogo renovado e creativo entre fe e razón, a través de congresos.

A nivel xeral recoméndase a promoción de encontros con persoas que «aínda non recoñecendo neles o don da fe, buscan con sinceridade o sentido último e a verdade definitiva da súa existencia e do mundo».

Ano da fe en parroquias e comunidades

A labours pastoral nas parroquias é fundamental de cara a actualizar a formación e reflexión sobre a fe que vivimos. Repartiranse materiais e realizaranse accións pastorais que fomenten a transmisión da fe: bendicións das casas, o bautismo de adultos, as confirmacións e os matrimonios. Isto contribuirá a confesar e profundar na doutrina católica «nas nosas casas e coas nosas familias, para que cada un note con forza a esixencia de coñecer e transmitir mellor ás xeracións futuras a fe de sempre».

Pódense recuperar as misións populares e outras iniciativas nas parroquias e nos



ANO DA FE 2012
2013

lugares de traballo, para axudar aos fieis a redescubrir o don da fe bautismal.

No compromiso na nova evangelización é igualmente necesaria a presenza dos Institutos de Vida Consagrada e das Sociedades de Vida Apostólica, así como a oración das comunidades contemplativas, pedindo pola renovación da fe no Pobo de Deus e por un novo impulso na súa transmisión ás novas xeracións.

En definitiva, todos os fieis tratarán de comunicar a súa propia experiencia de fe e caridade, dialogando cos seus irmáns e irmás, mesmo doutras confesións cristiás, sen deixar de lado aos crentes doutras relixións e aos que non cren ou son indifere-



DOMUND 2012

A Delegación Diocesana de Misiões comeza o curso de xeito intesivo coa campaña do *DOMUND*, que se celebrará en toda a Igrexa o vindeiro 21 de outubro. Estanse a distribuír carteis, trípticos e sobres en todas as parroquias para a labours de concienciación do compromiso misionero de todo cristián. Aínda sendo conscientes das necesidades cada vez máis apremiantes preto de nós, como Igrexa non podemos deixar de lado ós irmáns que están lonxe e que cada día se atopan con máis dificultades.

Existen tamén outros medios que se poden solicitar á delegación ou ben descargarlos dende a Internet, como poden ser diversos recursos audiovisuais. Entre eles cabe destacar un vídeo de

15 minutos de duración onde se entrevista a un misionero. Con título "El misionero responde", Obras Misionales Pontificias presenta o lema deste ano -*Misioneros da fe*- a través dun novo formato: a ficción. Dirixido e realizado por José Cabanach, co guión de Javier Alonso Sandoica, o vídeo, destinado a todos os públicos, aborda o sentido do traballo dun misionero. Conta coa participación de Inmaculada Galván, presentadora de 13TV, e de Juan Carlos Naya. Presenta a historia dun misionero que volve á casa despois dunhas inundacións na India, nas que salvou a un grupo de nenos. Pode verse e descargarse este audiovisual no seguinte enderezo: <http://www.omp.es/OMP/domund/jornada/prensa.htm>



Jesús Santiago Vázquez

é o novo delegado de Misiões, ó servizo de aquelas persoas que queiran encauzar a súa solidariedade a través dos misioneros.

A Delegación de Misiões está na Rúa da Cruz, 3. Abre de luns a venres, de 10 a 13.30h. e de 17 a 20h. os luns e xoves. Tamén atenden no teléfono; 982 228 619 e ten presenza na web no blog: <http://www.misionesdelugo.blogspot.com.es/>

Nombramientos diocesanos

Delegaciones y secretariados

Antón Negro Expósito

- Delegado de Acción Caritativa y Social

Ginés Plaza Fernández

- Director de Acción Caritativa y Social

Josefina Palmeiro Ferreiro

- Delegada de Apostolado Seglar

Alfredo Losada Suárez

- Subdelegado de Apostolado Seglar

José Pérez Barreiro

- Delegado de Catequesis

José Luis González Regueiro

- Delegado del Clero

José Antonio Adrio Carballude

- Delegado de Juventud

Mario Vázquez Carballo

- Delegado de Pastoral Universitaria

José Antonio Ferreiro Varela

- Delegado de Liturgia

Jesús Manuel Santiago Vázquez

- Delegado de Misiones

José Antonio Salgado Agromartín

- Delegado de Pastoral de la Salud

David Varela Vázquez

- Delegado de Pastoral Vocacional

José Manuel Castro Alba

- Delegado de Medios de Comunicación

María José Campo López-Barcia

- Oficina de Prensa (Portavocía)

José Otero Seijas

- Delegado de Santuarios y Peregrinaciones

José Criado Sánchez

- Subdelegado de Santuarios y Peregrinaciones

César Manuel Carnero Rodríguez

- Delegado de Patrimonio Histórico-Artístico

- Representante en Comisión Mixta Obispos-Xunta para el Patrimonio Histórico y Documental

- Director del Museo Diocesano Catedralicio

Miguel Ángel Gómez Vázquez

- Delegado de Patrimonio de Bienes Inmuebles

Rodrigo Rúa Iglesias

- Delegado de Pastoral Familiar

José Río Ramilo

- Secretariado de Pastoral Penitenciaria

David Gil Mato

- Director del Instituto Teológico Lucense

Óscar González Murado

- Director del Archivo Parroquial Diocesano



Nombramientos parroquiales

Oscar González Murado

Administrador Parroquial de Sanfiz de Bergazo, Santa Marina de Cabreiros, San Cristóbal de Chamoso, San Pedro de San Andrés de Chamoso, San Juan de O Corgo y Santiago de Laxosa, Santiago de Gomeán y Santa María de Franqueán.

Jose Antonio Adrio Carballude

Vicario Parroquial de San Juan de Becerreá, San Pedro de Cadoalla, Santa Eulalia de Gilfrei y Santa Mariña de Vilouta.

Javier Diéguez Diéguez

Administrador Parroquial de San Mamed de Aguela, Santa María de Arcos, Santa Cristina de Areas, San Miguel de Cibreiro, Santa María de Olveda, San Andrés de O Rial, Sanfiz de Amarante.

Ramón Rodríguez González

Administrador Parroquial de Santiago de Aranza y Santa María de Pol.

Antonio Agra Salgado

Administrador Parroquial de San Salvador de Piñeira, San Pedro de Sixirei y Santa María de Vilarpunteiro.

José Antonio Patao Diéguez

Administrador Parroquial de San Juan de Arroxo.

José Pérez Barreiro

Párroco de Santa Eulalia de Silleda y Administrador Parroquial de San Ciprián de Chapa, de San Miguel de Lamela,

San Salvador de Cervaña, San Mamed de Moalde y San Martín de Rellas.

José Criado Sánchez

Administrador Parroquial de Santa Eulalia de Losón y Rector del Santuario de Nuestra Señora del Corpiño.

Luis Varela Castiñeira

Moderador del Equipo Pastoral de la Parroquia de Santiago "A Nova".

Marcos Torres Gómez

Director Espiritual del Seminario Menor y Miembro del Equipo Pastoral de la Parroquia de Santiago "A Nova".

P. Alejandro Robertson Muñoz

(OdeM) Párroco de Santa Marina de Sarria y Administrador Parroquial de Santa María de Albán, Santiago de Farbán y El Salvador de Sarria.

Pablo Rodríguez Rodríguez

Administrador Parroquial de Santa María de Segán, El Salvador de Vilaes-teba y San Victorio de Rivas de Miño.

P. José Miguel Vázquez López

Administrador Parroquial de Santa María de Reiriz y San Saturnino de Chave.

Manuel Pérez García

Administrador Parroquial de Santa Eulalia de Tuiriz Santa María de Tuiriz.

Antonio Negro Expósito

Administrador Parroquial de El Salvador de Moreda, San Román de Moreda, San Cipriano da Vide y San Mamed de Mañente.



Hermanas de la Cruz, 25 anos en Lugo

A comezos dos anos 1980, sen coñecer as intencións do outro, D. Alfonso Vilariño e María del Barrio Alvarado y Osorio escriben á Madre Xeneral das *Hermanas de la Cruz* solicitando a presenza da congregación en Lugo.

A principios de 1983, chegan a Lugo a Madre Xeneral, María de la Purísima (hoxe beata) e a Secretaria Xeral, irmá María Sofía. Entrevistáronse co Vicario, Arturo Veiga, o Bispo, Frei Xosé Gómez, co sacerdote Alfonso Vilariño e con María del Barrio.

Nese mesmo ano 1983 a congregación determina fundar unha casa en Lugo, aínda que sen poñer unha data inmediata. A aprobación definitiva foi en 1984, ano no que as dúas irmás que estiveran en Lugo repiten visita.

O Bispado de Lugo dá a súa aprobación en 1985, e o 12 de novembro dese ano chegan as catro primeiras irmás: irmá Araceli (superiora), irmá M^a Aurora, irmá Clara M^a e irmá Laura. Un mes despois, incorpóranse a irmá Amparo de Jesús e irmá San Alfredo. A comunidade ten a súa casa na actualmente na rúa Miguel de Cervantes.

Os días 15, 16 e 17 de outubro celebrouse na Catedral un triduo de acción de grazas pola súa presenza en Lugo. O primeiro día o bispo de Lugo, Alfonso Carrasco, bendicía a imaxe de Sor Ángela de la Cruz (na imaxe da esquerda). O segundo día participou no triduo o Cardeal Emérito de Sevilla, Carlos Amigo, e clausurou os actos Juan del Río, Arcebispo Castrense.

Imaxes da vida diocesana



7 de xullo. Foron ordenados na Catedral dous novos diáconos: Alberto Riádigos e Daniel Gil. Sumáronse este ano a labours pastorais durante este curso ata a súa ordenación sacerdotal.



Mes de xullo. Os “curas novos” da diocese, ordenados a partires do ano 2000, mantiveron unha xornada de convivencia no Courel, acompañados polo bispo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco.



10, 11 e 12 de setembro. Sacerdotes de toda Galicia participaron nas xornadas organizadas polas delegacións para o Clero no Mosteiro de Poio. O clero lucense tivo unha ampla representación.



17 de agosto. O sacerdote Jesús Río e o presidente do Centro Galego de Barcelona, Manuel Carrete presentaron o libro *Os nosos devanceiros: Quiroga, Ribas do Sil, e O Courel*.



17 de setembro. A Asociación Concepción Arenal entregou unhas medallas a persoas e institucións vinculadas ao mundo penal. O sacerdote José Río Ramilo, capelán do centro de Bonxe.



14 - 17 de setembro. Segunda Peregrinación Diocesana de Lugo a Fátima, na que participaron un total de 107 peregrinos. Estivo organizada pola Hospitalidade de Nosa Señora de Lourdes.

A Nosa Voz

PARROQUIAS - MOVEMENTOS - ASOCIACIÓN - AXENDA DIOCESANA

Director: José Manuel Castro Alba

Bispado de Lugo. Praza de Santa María, 1. 27001 Lugo

Teléfono: 982 23 11 43 - Teléfono/Fax: 982 25 15 93

medios@diocesisdelugo.org - www.diocesisdelugo.org/anosavoz

Revista de información diocesana

SUSCRIPCIONS: ORDINARIA: 10€ - BENEFactor: 15€

Banco de Galicia. C/c: 0075-8911-27-0600631224

EDITA: Delegación de Medios de Comunicación Social

DEPOSITO LEGAL: LU 649 - 1996

IMPRIME: La Voz de la Verdad. Pol. Ind. O Ceao

A Diocese de Lugo en Gallaecia Petrea

A exposición Gallaecia Petrea, situada no Museo da Cidade da Cultura de Galicia, amosa desde o día 19 de xullo varias obras prestadas pola Diocese de Lugo. Desde o 27 de setembro tamén se poden contemplar fondos libraríos eclesiásticos.

Gallaecia Petrea

A última peza en colocarse foi a **Pila Bautismal de Santa María de Torbeo**, en Ribas de Sil, do s. XII. Pódese contemplar tamén, na sección de Medievo, a reprodución do famoso **Crismón de Quiroga** e unha peza excepcional do patrimonio galego: os restos do Cancel de Saamasas do século VII-VIII.

Xunto a estas, na sección de Prehistoria, atópase unha dobre eixola e unha maza triangular de pedra puída, ambas as pezas do período calcolítico procedentes do Museo Catedralicio-Diocesano.

Na sección de Moderna pódese ver outra obra cume do patrimonio galego, o **Frontal pétreo da igrexa de san Salvador de**

Vilar de Donas, en Palas de Rei. Ademais, poderase contemplar o Escudo do Antigo Reino de Galicia [s. XVI], unha Fonte de Auga Bendita [s. XVIII], e dúas alabastros excepcionais: un coa representación da Virxe co Neno [s. XVI] e o outro coa imaxe da Inmaculada Concepción [s. XVIII].

As parroquias de Santa María de Torbeo e San Salvador de Vilar de Donas, o Museo Catedralicio Diocesano, a Catedral de Lugo e a Diocese de Lugo, queren colaborar así con esta exposición para dar a coñecer o valioso patrimonio artístico lucense. As pezas retornarán ao seu lugar de orixe trala clausura da exposición a finais de ano ou comezos de 2013.



César Carnero, Delegado Episcopal de Patrimonio Artístico, diante da réplica do Crismón de Quiroga exposta en Santiago



O frontal pétreo da igrexa de san Salvador de Vilar de Donas, en Palas de Rei é outra das pezas que se poden contemplar



Exposición de fondos libraríos eclesiásticos

Desde o día 27 a Cidade da Cultura de Santiago acolle tamén unha exposición de fondos libraríos eclesiásticos de Galicia. Dos arquivos da Diocese de Lugo, en concreto do Arquivo Capítular da Catedral, estarán dúas mostras deses fondos. Unha é o Libro décimo de privilexios rexios. E a outra mostra do patrimonio bibliográfico lucense é Libro undécimo de bulas papais. Detalle do mesmo, na foto da esquerda. Debido á importancia destes libros, terán a súa propia vitrina climatizada e con cristal blindado. Os libros poderán verse no mesmo edificio onde está a exposición Galicia Pétreo.



Programación religiosa en Cope

"El espejo de la Iglesia",
de lunes a viernes, a las 13.30h.

Los viernes: Información diocesana